

Festas do outono

O vindeiro venres **11 de Novembro**, a partir das 12:15 horas celebraremos a festa do Magosto no recinto escolar.

Lembrede ao alumnado que vaian traendo castañas (cun pequeno corte para que non estoupen) e leña – a partir do martes 8 de novembro.

O horario do **venres 11** será o seguinte:

9:00-9:50	1ª sesión
9:50-10:40	2ª sesión
10:40-11:30	3ª sesión. (Baixar leña, castañas e o material)
11:30-12:00	Recreo: Roberto, Antonio, Juan, Marta, Eva Soares e Eva comezarán a facer as fogueiras.
12:00-12:15	Tempo de ler. Preparación dos "cucuruchos"
12:15- 13:05	O alumnado baixará en grupo a participar nos xogos libremente
13:10-13:40	COMEMOS AS CASTAÑAS
13:40	Recollida do lixo e subimos as aulas

Lembrede que podedes traballar actividades sobre **Samaín** e **Magosto** utilizando os materiais dos cartafols da estantería do vestíbulo , na páxina web da escola, e no blogue da Comisión TIC. <http://tictachans.blogspot.com>.

No **ordenador da pantalla dixital**, hai un cartafol "*nos meus documentos*" co nome "Magosto- Samain" que contén contos, cancións e vídeos axeitados aos distintos niveis.

LEMBRA:

- O Magosto é unha actividade da escola .Todos/as colaboramos para que sexa unha xornada agradable e cordial.
- As castañas son para comer. Evitaremos xogar con elas.
- Utilizaremos os aseos da planta baixa.
- Depositaremos o lixo nas papeleiras que estarán distribuídas polo patio
- Respecta aos nenos/as que non queren "mancharse" coa cinza dos restos das fogueiras.
- Colaboraremos coas tarefas de limpeza ao rematar.
- Participamos nos xogos ordenadamente e respectaremos as súas regras

**AQUÍ TÊMOLLO MAGOSTO
QUE VIVA A FESTA RACHADA
OS MENIÑOS/AS DESTA ESCOLA
FARÁN HOXE A CASTAÑADA!**

